

Asunto: Acta de execución da RPT

Recibimos neste Comité de Empresa o Acta número 4 da negociación da Execución da RPT de PAS Laboral da Universidade de Vigo.



Logo de escusar a nosa ausencia por mor de un compromiso previo, observamos con estupor que a reunión se celebrou de todas maneiras sen a presenza do Comité de Empresa de Pontevedra e que o acta da reunión anterior foi aprobada sen que este Comité de Empresa estivese presente.

O Comité de empresa de Pontevedra, quere expresar o seu máis profundo rexeitamento a esta forma de actuar por parte da Xerencia, e insiste en que o feito de sentarse nunha mesa a escoitar o que a Universidade teña que dicir por medio da Xerencia non é negociar.

Consideramos que estas actitudes por parte da Xerencia da Universidade non fan máis que entorpecer calquera posibilidade de entendemento e de negociación real das condicións laborais do persoal laboral ao que representamos.

Marcos Estévez

Presidente do Comité de Empresa



A/a Reitor da Universidade de Vigo

A/a Xerente da Universidade de Vigo